

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

NARÓN

Intervención

Aprobación do padrón de contribuíntes por auga, saneamento, depuración, canon de auga, aluguer de contador e lixo, correspondente ao 2º trimestre do ano 2024

EDICTO

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria que tivo lugar o día 20/06/2024, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar o padrón de contribuíntes por auga, saneamento baixa, saneamento alta, depuración baixa, depuración alta, canon de auga, aluguer de contador e lixo, correspondente ao 2º trimestre do ano 2024, cos seguintes importes:

| | |
|---------------------|----------------|
| Auga | 397.054,82 € |
| Saneamento baixa | 237.981,84 € |
| Saneamento alta | 164.804,84 € |
| Depuración baixa | 7.274,23 € |
| Depuración alta | 227.832,70 € |
| Lixo | 748.312,39 € |
| Bonificación SOGAMA | 0,00 € |
| Aluguer contador | 12.266,86 € |
| Canon da auga | 133.366,02 € |
| IVE | 106.103,77 € |
| TOTAL | 2.034.997,47 € |

SEGUNDO: Aprobar o padrón adicional polos servizos de “auga, saneamento baixa, saneamento alta, depuración baixa, depuración alta, canon de auga, aluguer de contador e lixo” correspondentes a altas de contribuíntes, atrasos e resolucións emitidas polo Concello de Narón desde o 13 de marzo de 2024 ata o 12 de xuño de 2024:

| | |
|------------------|------------|
| Auga | -528,69 € |
| Saneamento baixa | -70,46 € |
| Saneamento alta | -51,48 € |
| Depuración baixa | 0,00 € |
| Depuración alta | -136,84 € |
| Lixo | 1.543,56 € |
| Aluguer contador | 0,00 € |
| Canon da auga | 185,32 € |
| IVE | -78,74 € |
| TOTAL | 862,67 € |

Exposición: Os padróns quedarán expostos ao público no Concello durante o prazo de 15 días, a contar desde o día seguinte á publicación do Edicto no BOP. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, xeral tributaria, e no artigo 75 da Ordenanza Fiscal nº 1 xeral de xestión, recadación e inspección.

Durante o período de exposición pública, contra as liquidacións incorporadas aos padróns, todos os interesados poderán interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes.

Recursos: Finalizado o prazo de exposición pública, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo DUN MES contado desde o día seguinte ao mesmo. Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderán interpoñer, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, recurso contencioso-administrativo, no PRAZO DE DOUS MESES contados desde o día seguinte ao da notificación da devandita resolución. De non recaer resolución no PRAZO DUN MES a contar desde o día seguinte ó da presentación do recurso de reposición, en virtude do disposto no artigo 14.2 do Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, entenderase desestimado, cos efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Non obstante, si se considera convinte, poderán utilizar e exercitar calquera outro recurso que estimen pertinente.

A falta de pago no período voluntario suporá a esixencia do canon de auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon de auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa perante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

O que se anuncia e fai público para xeral coñecemento do presente EDICTO que ten carácter de notificación colectiva, en cumprimento do disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no artigo 75 da Ordenanza Fiscal nº 1, xeral de xestión, recadación e inspección.

Narón, 20 de xuño de 2024

A alcaldesa- presidenta

Marián Ferreiro Díaz

2024/4429